

**Nota de prensa  
do SLG**

**10-10-2008**

## **Acordos tomados na Asamblea Nacional Aberta do Sector Lácteo**

Na mañá do día de onte, gandeiras e gandeiros de todo o País acudiron á **Asamblea Nacional Aberta do Leite convocada polo Sindicato Labrego Galego** co gallo de artellar unha estratexia que garanta o futuro do sector.

A asamblea foi introducida por **Carme Freire Cruces** -Secretaria Xeral do SLG-, **Lupe Prado** -Responsábel de Gandeiría do SLG-, e **Xosé Ramón Cendán** -Membro do SLG na Coordinadora Europea-Vía Campesina-. **Xosé Manuel Calvo**, Secretario de Ordenación Territorial e Estruturas, moderou o debate.



De esquerda a dereita: Xosé Ramón Cendán, Lupe Prado, Carme Freire, Xosé Manuel Calvo

### **■ Acordos tomados na Asamblea Nacional Aberta do Sector Lácteo (Santiago de Compostela, 9 de outubro do 2008)**

1. **Solicitude urxente da convocatoria da Mesa do Leite.** Na Mesa haberán de estar presentes **todas as organizacións sindicais agrarias e todas as industrias do sector**, co obxectivo de **discutir e negociar as garantías dun prezo que asegure ás explotacións poder cubrir os custes de produción e a remuneración do seu traballo.**

Non é lexítimo que estas negociacións se estean a levar a cabo nunha Comisión de Seguimento na que só participan aquelas organizacións e industrias que asinaron o Contrato Homologado galego sen prezo base mínimo.

Non aceptamos que se expulse a unha parte importante do sector, representada polo Sindicato Labrego Galego, por non estarmos dacordo coa imposición dun contrato que non garante un prezo para que as explotacións poidan vivir.

2. **Inicio dunha campaña para que o prezo acordado se axuste á realidade económica das explotacións do País.**, cubrindo os custes das mesmas e o traballo.

Rexeitamos tanto os **0,32-0,38€** citados no preacordo para o presente trimestre, coma **prezos de referencia doutros países como Francia**, no que se manexan uns custos de produción moito máis baixos por non teren que estar pagando préstamos para a adquisición de cota -aos que foron obrigadas as explotacións galegas no seu día-, nin custos de alimentación tan altos coma os das nosas explotacións, por non dispoñermos na Galiza de terra agraria suficiente para alimentar ó nosos gando..

3. **Esiximos o recoñecemento normativo do leite coma produto de primeira necesidade para a sociedade** \_para que recolla un **prezo mínimo** para dito produto, **única garantía de cumprimento dos acordos sobor dos prezos.**
4. **Mobilizacións a nivel estatal para paralizar a chantaxe que o MAMRM vén de poñer en práctica mediante a publicación do *Real Decreto 1612/2008 do 3 de outubro sobre a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería, publicado* no BOE do catro de outubro, mediante o cal **obriga ás explotacións a ter asinado o Contrato Homologado do Leite para poderen percibir unha parte da subvención de pago único**, evidenciándose novamente o deseño dunhas leis que nos poñen á mercede do que as industrias queiran pagar polo noso traballo.**
5. **Convocamos ás demais organizacións agrarias para unitariamente defender estes acordos.**

Moitas grazas pola vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

**Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,**

**TLF. 619 348 426**

**Lupe Prado, Responsábel de Gandeiría,**

**TLF: 628 206 755**